

## VALENTÍN PAZ-ANDRADE: A “CADEIRA” DE GALICIA

Ramón Villares

Unha das virtudes da celebración do Día das Letras Galegas é, sen dúbida, a de permitir botar novas olladas sobre a figura escollida para tal evento. Tal acontece neste caso con Valentín Paz-Andrade. A súa obra escrita e a súa executoria, tanto no ámbito da vida pública como no da privada, era certamente coñecida, pero á vista das publicacións e biografías que desde a súa elección están a saír, ben se podería pensar que había –e aínda ficará algo para o futuro– moita auga no manancial do seu legado. Grazas á dispoñibilidade da súa familia –e quero citar *expressis verbis* á súa viúva Pilar e ao seu fillo Alfonso–, gran parte dese fondo documental puido ser dixitalizado por parte do Consello da Cultura Galega e servir así de fonte para moitas publicacións que se están a facer este ano arredor desta figura. E penso, ademais, que nos anos vindeiros deberán saír a lume moitas outras pesquisas sobre a súa inxente e anovadora obra.

Valentín Paz-Andrade posúe unha fecunda e intensa biografía que sería imposible abranguer nunhas poucas palabras. Xornalista de primeira hora e avogado con bufete aberto nesta cidade de Vigo, non renunciou desde mozo universitario a militar no campo da política galeguista, na que participou con determinación e intelixencia en papeis de protagonista desde finais dos anos vinte ata o estalido da guerra civil. Exiliado interior e debuzado no seu traballo profesional, desenvolveu logo un amplo labor de experto internacional no campo da pesca, de relación constante co exilio cultural e político dos galegos de América e, de forma complementar, tivo tamén tempo para escribir poemarios de gran valor simbólico, ensaios de economía, análises literarias, obras pioneiras de estudos culturais e, tamén, algúns textos biográficos como o dedicado a Alfonso R. Castelao, co libro de guapo título *Castelao na luz e na sombra*, unha verdadeira biografía dialogada co seu compañeiro de loitas xornalísticas e políticas.

Entre as contribucións máis fecundas que Paz-Andrade deixou como legado para a posteridade foi, sen dúbida, a súa aposta por colocar Galicia no mundo, sen deixar de ser galego alí onde se atopase e actuase. É ben coñecida o seu labor, baixo o pavillón da FAO, de formación de expertos en economía pesqueira e de asesoramento de gobernos de varios países latinoamericanos. Foi das poucas veces nas que unha pericia persoal e corporativa adquirida en Galicia foi amplamente recoñecida no exterior. Pero esta internacionalización estendeuse a moitos outros campos, como a súa visión dos fluxos migratorios que interpreta como

unha oportunidade de Galicia para relacionarse co mundo, no canto de entendelos como unha maldición divina caída sobre os galegos, como se pode ver no seu épico poemario *Canto do pobo disperso*. E, naturalmente, foi audaz na súa defensa da lingua galega como idioma transccontinental, o que permitiría –e cito palabras del nun artigo de 1960 en *La Voz de Galicia*– que “un labrador de Castroverde pueda dialogar con un “facendeiro” de Rio Grande do Sul”. Alén diso, frecuentou os países de lingua portuguesa e trabou coñecemento con dirixentes políticos e con autores literarios, como os brasileiros Guilherme de Almeida, Paulo Rónai ou Gilberto Freyre. Debo subliñar a ambición con que compuxo o seu discurso de ingreso nesta corporación académica, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*, que mesmo constituíu unha novidade para a cultura brasileira ao lle descubrir canto de cultura galega patrimonial había na prosa, polo demais extremadamente difícil, do autor de Minas Gerais.

Unha vida esconde moitas biografías diferentes, non sempre congruentes entre si. Non obstante, a traxectoria biográfica de Valentín Paz-Andrade caracterízase pola súa gran coherencia. Trátase da coherencia que lles é propia ás persoas con principios firmes e opinións fundadas na reflexión e na experiencia, con independencia de criterio e cunha rexa actitude vital. Non padeceu o andazo tan común de ignorar a realidade e, aínda crendo na necesidade de artellar empresas colectivas de grande alento, sempre considerou que nada podía suplir o esforzo persoal e o traballo intelectual á hora de enfocar a súa acción. Non é doado resumir en poucas palabras unha biografía desta natureza, pero ollada a súa vida e a obra, pódense escoller ángulos moi axeitados para chegar ao cerne da mesma. Coa brevidade a que obriga este acto, vou reparar nalgúns trazos da súa biografía política, aqueles que teñen que ver co seu ideario e coa súa executoria pública en dous momentos decisivos: a II República e a transición democrática, co exilio como pano de fondo.

## 1.

A súa actividade política foi moito máis influente e permanente do que se podería pensar da súa breve militancia partidaria. Desde os tempos de estudante en Compostela ata a chegada da autonomía, nunca deixou de pensar e de elaborar propostas a favor dunha concepción da política que tivese por norte a sociedade galega e o seu benestar, e que se rexese por principios como a democracia, o autonomismo e as virtudes cívicas do republicanismo. Nunca defendeu unha concepción elitista ou aristocratizante da acción política, senón unha “nova política” adaptada á sociedade de masas que foi tan común na Europa de entreguerras. Para o caso galego, esta oportunidade abriuse coa preparación da República e a súa proclamación en abril de 1931, un abrente polo que entraron de golpe á vida

pública dúas grandes xeracións, a coñecida como *Nós* e a do Seminario de Estudos Galegos. O noso protagonista andaba entremedias de delambas.

Recuemos no tempo algo máis de oitenta anos. No teatro García Barbón, á beira do lugar onde hoxe mesmo estamos, tivo lugar un acto memorable: o mitin do “Día de Galiza” de 1930, convocado por un grupo de galeguistas de Vigo dirixido por V. Paz-Andrade. Tres foron os seus oradores. Otero Pedrayo falou da “siñificación espiritual do Día de Galiza”, Alfonso R. Castelao do “galeguismo no arte” e Paz-Andrade de política e de autonomía: “A nosa definición autonomista” era o título da súa intervención. El era o máis novo dos tres, pero sen dúbida o mellor coñecedor dos rumos da política naquela altura. Este foi un discurso programático, que marcaría non só o inmediato Grupo Autonomista de Vigo, senón tamén a orientación futura do Partido Galeguista.

Republicanismo como forma de goberno, federalismo autonomista fronte a centralismo, e “principios democráticos” como fonte de lexitimidade, son as ideas que defende Paz-Andrade naquel mitin. El sostén que a política é resultado da mobilización social e do combate democrático. A diferenza da corrente maioritaria da época das Irmandades da Fala, o obxectivo estratéxico do galeguismo autonomista non era simplemente construír o edificio do “ser” de Galicia, senón ter a vontade de “facér” unha Galicia diferente, moderna, libre e dona de seu. Esta é a súa orixinalidade: a política como ferramenta para construír un futuro para Galicia, baixo as coordenadas do autogoberno e da democracia, e non un Parnaso no que recoñecer a identidade da nación.

Era, claro é, unha posición individual que, con todo, forma parte dunha das grandes correntes ou “almas” que vertebra o galeguismo político contemporáneo: a tendencia liberal e democrática que vai desde Murguía e os “irmandiños” coruñeses (Peña Novo, Viqueira) ata embocar na síntese realizada durante a experiencia republicana por Bóveda e nomeadamente por Castelao, á que, obviamente, non foi allea a experiencia e a capacidade organizativa de Valentín Paz-Andrade.

Esta aposta polo galeguismo autonomista, pola democracia republicana e polo exercicio da política sobre bases sociais amplas –basicamente, as masas agrarias– foi un dos grandes triunfos do Partido Galeguista fundado en 1931, no que Paz-Andrade influíu de forma notoria mesmo na escolla do propio nome. Aínda que peripecias persoais que lle puideron custar a vida e disensos tácticos co grupo dirixente de Bóveda e Castelao o arredaron das campas do Partido Galeguista –que non exactamente do galeguismo–, Paz-Andrade non deixou de participar na campaña de plebiscitación do Estatuto de Autonomía de 1936, que viña a ser o obxectivo estratéxico do republicanismo e do galeguismo daquel tempo. Como afirmou nun daqueles mítins do Estatuto, “Galicia quer ser autónoma, porque aspira (...) a ter polo rito civil de autodeterminación as condicións políticas (...) que a constitución da República española permite reconquistar”. A guerra civil

fanou aquela “alba de gloria”, pero algúns dos seus protagonistas nunca renunciarían a manter en pé esta lexitimidade moral e política conquistada no 1936.

## 2.

Deamos un novo salto no tempo e situémonos noutro lugar tamén ben próximo: a explanada do Náutico, o día 4 de Nadal de 1977. Rematara alí unha gran manifestación a prol da autonomía de Galicia e, no estrado, toma a palabra Paz-Andrade, coa mesma enerxía que o fixera no García Barbón e no “merendeiro” da Barxa. Pasaran corenta e sete anos, unha guerra civil e unha “longa noite de pedra”, pero ideas e actitudes non se murcharan. El considerou aquela xornada –e emprego palabras de seu– como unha nova “alborada cívica”, o retorno do entusiasmo vivido nos tempos republicanos, polo que tantos sobreviventes, nomeadamente no exilio, estaban a suspirar. Foi o que lles contou a corresponsais que moraban no *Galicia* “ideal”, como era o seu amigo de vello, Pepe Núñez Búa:

Qué fonda saudade de ti e de tantos amigos que xa non pisan o mundo, sentín o día 4 (...). Endexamais na historia de Galiza se rexistrou un acontecemento popular de semellante dimensión.

Nesta misiva a Núñez Búa, que repite a outros amigos como Delgado Gurrirán ou Osorio-Tafall, ecoa un recoñecemento do exilio que moi poucos galegos do interior foron quen de soster. E faise patente tamén a convicción de que os anos pasados fóra da Terra polos exiliados, coas “raíces ao ar” (Carmen Muñoz) por aqueles “traficantes de nostalxias” (Núñez Búa), non debían ser tempo perdido. Que na transición democrática había unha obriga política e mesmo moral de recoñecer que o traballo do exilio non ficara en vougo, que era posible empatar de novo coa tradición republicana, como supoñía a defensa do Estatuto do 36 e da autonomía como vía de acceso ao autogoberno de Galicia, era o que defendía, entre outros, V. Paz-Andrade. É ben certo que moitas das organizacións dos exiliados e/ou emigrados, como o Consello de Galiza, estaban xa desarboradas naquela altura e que moitos daqueles protagonistas “xa non pisan o mundo”. Pero non é menos certo que poucas persoas do interior souberon entender e conectar mellor co exilio do que Valentín Paz-Andrade, certamente axudado polas continuas viaxes transatlánticas que comezaron a facer desde finais dos cincuenta os seus dilectos amigos Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo.

Con todo, o entusiasmo de Paz-Andrade logo recibiría severos correctivos coa instalación do réxime da “preautonomía” e coa escolla das persoas que a comandaron. “Abstención aséptica” foi a posición que adoptou, ante a aparición de inesperadas sombras que pouco representaban para as xentes do exilio e do

interior, que teimosamente mantiñan viva a memoria republicana. Pero antes de chegar a esta “alborada cívica” de 1977, hai que dicir que correran varios anos de intensa acción política que deran moitos máis froitos do que o propio protagonista puido supoñer. A súa participación nunha das principais plataformas de oposición política ao réxime franquista, como foi a Xunta Democrática fundada en París en 1974, permitiulle a Paz-Andrade desenvolver un papel esencial nas negociacións políticas que o goberno de Adolfo Suárez abriu con representantes da oposición. Paz-Andrade foi membro da chamada “Comisión dos Dez” –e logo dos “Nove”–, na que estaban presentes a meirande parte dos líderes políticos antifranquistas, actuantes tanto no interior como no exilio. Cal foi o papel de Paz-Andrade naquelas sesións de negociación política? Direino cunha expresión do seu amigo Jordi Pujol: ocupar a **cadeira** de Galicia, non deixar baleira a representación política de Galicia naquela altura histórica. E cito palabras literais do propio Pujol, quen evoca nos anos noventa aquelas xornadas:

La figura de Paz-Andrade fue tan importante [porque] pudo haberse producido algo así como una ausencia gallega en un momento decisivo (...) La categoría personal, la autoridad moral y la habilidad suave y firme de Paz-Andrade cubrieron el relativo vacío que en lo referente a la representación gallega pudo haberse producido.

O protagonismo político de Paz-Andrade en todo o período da transición tivo máis de contribución simbólica ao proceso que de acción de primeiro plano. El mesmo se consideraba, algo modestamente, máis “espectador que actor” da convulsa política daqueles anos, porque carecía de partido político no que referenciarse dentro de Galicia e tampouco tiña un mandato ou delegación expresa do galeguismo no exilio. Tivo que actuar a título persoal, pero non por iso foi menos decisiva a súa achega para a conquista da democracia e, nomeadamente, para a colocación do feito diferencial galego na axenda política da transición. O feito de que lograr saír elixido senador pola provincia de Pontevedra, como un dos poucos galeguistas que se “salvou do naufraxio”, en propias verbas súas, apenas engadiu algo sustancial á súa longa traxectoria política. O seu rol histórico xa se producira antes de ser senador e mesmo antes daquela gran “xornada pola autonomía” de nadal do 77.

Ocupar a “cadeira de Galicia” é algo máis ca que unha metáfora. Os membros da oposición antifranquista pensaron nesta cadeira e só Valentín Paz-Andrade tivo a afouteza de acudir e a posibilidade de ser recoñecido para tal mester, porque gozaba dunha lexitimidade que non botara a perder durante os longos anos do franquismo. Galicia padeceu nos tempos da transición unha gran “anomalía”, a diferenza do percurso seguido por Cataluña e por Euskadi. Non dispoñía dunha

institución e dunha figura política (como Tarradellas ou Leizaola) que, desde o exilio, achegase a lexitimidade moral do autonomismo republicano. Tampouco o galeguismo cultural e menos o novo nacionalismo eran especialmente proclives á recuperación da experiencia do Estatuto de Autonomía de 1936, do que pola contra a Xunta Democrática de Galicia fixera bandeira propia. O recoñecemento do valor simbólico daquel plebiscito de 1936 colocou Galicia no mesmo plano das outras dúas nacionalidades “históricas” na súa carreira por reconstruír o seu autogoberno e, ollado coa perspectiva de varias décadas pasadas, máis se agranda o valor daquel labor teimudo de defender a “cadeira” de Galicia. De forma modesta e a título case individual, Paz-Andrade tratou de corrixir aquela “anomalía”. Que os resultados non cadrasen cos esforzos feitos non lle quita mérito ao labor do noso protagonista.

### 3.

Vou rematar retornando á biografía enteira de Valentín Paz-Andrade. Persoa de reflexión pero tamén de acción, el foi unha figura singular no panorama da cultura e da política galegas do século XX. Como lle dicía o seu vello amigo Osorio-Tafall, a propósito da política vivida por eles dous nos tempos republicanos, “en lugar de tanta literatura e historia, requiríase máis economía e industria”. Neste sentido, Valentín Paz-Andrade foi quen de combinar harmonicamente o que C. P. Snow chamaría en 1959 “as dúas culturas”.

En suma, foi un exemplo de intelectual moderno, formado na xeira de mudanzas e innovacións que viviu a Galicia da preguerra. E o laboratorio onde forxou a súa identidade persoal, técnica e política foi xustamente a cidade de Vigo, esa urbe “novísima, rica e anglófila”, como a definira o viaxeiro Azaña. Era a cidade que aspiraba a ser a “Barcelona do Atlántico” e cabeza de ponte entre Europa e América, utopía da que moito gustaba o propio Paz-Andrade. Unha sabia mestura de localismo e globalización. Porque Vigo era a súa morada, pero Galicia o seu afán e o ancho mundo o seu horizonte no que actuar, sen deixar nunca de ser galego.

Formación persoal e asentamento cidadán explican tamén a orixinalidade do enfoque ou punto de vista con que Paz-Andrade tratou de elaborar a súa idea de Galicia e as súas propostas de futuro. Desde as páxinas do diario *Galicia* ata os textos da súa senectude –poñamos o seu libro *Galiza lavra a sua imagen*– atópase unha constante no pensamento do noso autor: o repudio dunha ensoñación retórica e pasadista de Galicia e da imaxe que unha parte das elites cultas galegas crearon do seu país. En Paz-Andrade atópase un discurso distinto, positivo e debruzado sobre o futuro ou o “porvirismo”, palabra que el empregou de cando en vez. Foi o seu un combate permanente contra as interpretacións “caducas” de

Galicia, contra o pesimismo e contra o atraso. A súa aposta era a favor dunha terra que debía aproveitar mellor os seus recursos naturais, que debía industrializarse e que, como proxecto colectivo, debía ser construída día a día. Fronte ao pasado como argumento para o porvir, a posición de Paz-Andrade é construír un futuro con pasado, defendendo no campo das ideas económicas e políticas algo semellante ao que sostiñan os seus amigos Luís Seoane ou Isaac Díaz Pardo no campo das artes: lograr formas modernas con raíces.

Nunha das súas obras máis emblemáticas e definitorias, a *Galicia como tarefa* de 1959, afirmase de forma explícita no seu prefacio que cómpre entender Galicia non como “algo que nos ha sido dado irremediabilmente hecho y, en parte, contrahecho”, senón polo contrario como “algo que hemos de hacer, o rehacer, todos los días”. Esta era a tarefa... Nestas poucas palabras está condensado todo un debate intelectual sobre a estratexia a seguir polas sociedades políticas modernas: son os valores herdados ou son os construídos pola vontade política, os que determinan os rumbos do porvir? A resposta que deu Paz-Andrade foi claramente a favor da segunda alternativa. Foi a resposta dun home culto e pragmático, comprometido coa súa Terra, positivo e nada pasadista, que non sempre atopou interlocutores. Era, en palabras dun seu amigo de mocidade, un “pequeno Anteo” cos “pés ben ficados na Terra, na túa”. Pero tamén tivo algo de soñador e de fabricante de utopías que aínda nos animan a pensar hoxe o porvir, nestes tempos nos que o futuro se volveu unha delgada liña no horizonte.

Dixen